



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Urbanismo

*Anuncio de aprobación inicial do proxecto urbanización tramo final Avda. Baldomero González no seu encontro coa travesía de Arteixo no ámbito da UA-62. Concello Arteixo*

**Expediente 2021/U037/000004**

**Anuncio: Aprobación inicial do Proxecto de Urbanización do tramo final da Avenida Baldomero González no seu encontro coa Travesía de Arteixo, no ámbito da UA-62.-**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada por medios telemáticos o xoves 5 de agosto de 2021, acordou **aprobar inicialmente** o PROYECTO DE URBANIZACIÓN DO TRAMO FINAL DA AVENIDA BALDOMERO GONZÁLEZ NO SEU ENCONTRO COA TRAVESÍA DE ARTEIXO, NO ÁMBITO DA UA-62, asinado dixitalmente por Fernando Pousada García en calidade de arquitecto, o día 25/03/19.

Sométese a información pública, por prazo de un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun dos periódicos de maior difusión na provincia, en cumprimento dos artigos 96.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 226.2 do Regulamento da dita lei, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento técnico aprobado inicialmente poderá consultarse na sede electrónica do Concello de Arteixo.

Así mesmo, ponse en coñecemento que se notificará individualmente as persoas titulares catastrais, coñecidas, dos terreos afectados polo ámbito do proxecto de urbanización.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación ou ben intentada a mesma non se puidera practicar, a notificación poderase facer efectiva por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, previo ao anuncio no Boletín Oficial do Estado coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas

En Arteixo, a 8 de setembro de 2021

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

Decreto 1513/2021 do 07/06/2021.

2021/6777